

# CIG-SAÚDE *informa*

**O Estatuto Básico da/o Empregada/o Público recolle o dereito que ten a traballadora/or a disfrutar dun permiso retribuído por coidado de familiar en situación de enfermidade ou hospitalización.**

O SERGAS considérase con dereito a facer de xuíz, e segundo o criterio que estableza, concede a totalidade dos días, ou un disfrute parcial deste dereito; e dicir non concede a totalidade dos días que a traballadora/or ten dereito para poder coidar do seu familiar en caso de enfermidade. E iso que o SERGAS é a empresa da saúde.

Fartos desta situación, e de reclamar o respecto á concesión deste dereito, que non é potestativo da Administración, unha afiliada de **CIG-SAÚDE**, a través da nosa asesoría xurídica interpuxo unha demanda por unha cuestión de ilegalidade, para que o xulgado lle recoñecese o dereito que o SERGAS lle negaba.

## ***A sentenza do Tribunal de Superior de Xustiza de Galiza di:***

“Fallamos que estimamos a cuestión de ilegalidade platexada polo xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 da Coruña, e en consecuencia, declárase a ilegalidade e conseguinte nulidade da limitación do establecido na instrución do SERGAS”

**Máis, o SERGAS no seu empeño de limitar o dereito ao permiso por coidado de familiar, recorre a sentenza. Poren o xuíz dita un AUTO FIRME, polo que non cabe interpoñer recurso algún.**

Desde **CIG-SAÚDE** lamentamos, que unha vez máis sexan os xulgados os que obriguen ao SERGAS a respectar os dereitos das/os traballadoras/es recollidos na lexislación laboral.

**CIG-SAÚDE** fai un chamamento a todo o persoal para que reclame cando o SERGAS lle denega a totalidade do días aos que teñen dereito por coidado dun familiar.

Para máis información ponte en contacto coas/os delegadas/dos de **CIG-SAÚDE**.



**Xa recortan bastante os nosos dereitos.  
Non lles permitas que te recorten aqueles  
nos que a lei te ampara.**